



Asunto: Nota informativa

Destinatario: Empresas e operadores NIMF 15

O día 11 de xaneiro de 2019 publícase no DOG núm 8 a *Resolución do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhrer) Nickle et al. (nematodo do piñeiro) e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación.*

A dita resolución establece unha área, denominada *zona demarcada*, onde son de aplicación as medidas de erradicación definidas *Decisión de Execución da Comisión 2012/535/UE*. Esta zona demarcada vén significar unha ampliación da anteriormente definida coa declaración dos focos desta mesma praga de corentena en 2010 e 2016. **Esta ampliación comprende todo o sur da provincia de Pontevedra nunha franxa de 20 km respecto da fronteira con Portugal, como continuación da zona demarcada previamente existente** (para ver a delimitación da actual zona demarcada, ver anexo IV da antedita Resolución 28/12/2018).

A grande parte das medidas de erradicación e control establecidas na antedita decisión comunitaria refírense ao control dos movementos de madeira de coníferas e da actividade dos establecementos e operadores situados dentro de zona demarcada. De tal xeito, a normativa establece que:

1. As empresas dedicadas á fabricación, reparación e reutilización de embalaxe localizadas tanto dentro como fóra das zonas demarcadas polo nematodo do piñeiro, deberán estar inscritas como *operadores* no **Rexistro Oficial de Embalaxes de Madeira (ROEMBA)**.
2. Os operadores ROEMBA autorizados para tratamento NIMF15, estean as súas instalacións de tratamento tanto dentro como fóra das zonas demarcadas polo nematodo do piñeiro, cando pretendan expedir madeira tratada (en tanto esta non sexa expedida en forma de embalaxe), poderán facelo acompañando a mercancía co correspondente certificado de tratamento NIMF 15 única e exclusivamente cando o establecemento de destino estea localizado fóra da zona demarcada. **Se as instalacións do cliente (é dicir, o punto de destino da expedición) están localizadas dentro da dita zona demarcada, a expedición só se poderá facer acompañando a mercancía co seu correspondente pasaporte fitosanitario.**
3. Para poder expedir a madeira tratada con pasaporte fitosanitario, as empresas e operadores deberán constar previamente inscritos no **Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (ROPCIV) e autorizados expresamente para a emisión de tal pasaporte fitosanitario para o Grupo13-Madeiras**. O ROPCIV é un rexistro oficial de ámbito nacional pero xestionado pola Xunta de Galicia. O procedemento administrativo para a inscrición no ROPCIV e poder emitir con pasaporte fitosanitario é o **MR442A**.

Finalmente, lembrámoslle que no relativo a presentación electrónica, pode acceder aos modelos normalizados de iniciación dos procedementos da Xunta de Galicia a través da sede





electrónica <https://sede.xunta.gal/>, así como realizar calquera trámite posterior a través da Carpeta do cidadán.

Para calquera información ao respecto poderá poñerse en contacto cos Servizos de Explotacións Agrarias das Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural aos seguintes teléfonos:

A Coruña: 981182259

Lugo: 982889247

Ourense: 988386693

Pontevedra: 886206554

Santiago: 981540060-981546276

